

Profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual

Documentalista



Dentro do mundo audiovisual existe unha profesión fundamental para a xestión e difusión da información, a documentalista.

A persoa documentalista dedícase a investigar, a recompilar, a analizar de xeito crítico a información e a comunicar dun xeito veraz os resultados dos seus estudos. Dándolle así, valor a información que quere compartir.

Dentro desta profesión non só é importante como se trata a información e o que se investiga, senón tamén como se transmite. Ti verías un documental moi aburrido por moito que fose certo o que conta? Verdade que non, pois aí é onde radica o verdadeiro talento da persoa documentalista: a mestura entre como analiza a información e como a transmite, moi relacionado co mundo da escritura.

Hoxe en día os avances dixitais no campo audiovisual fan que sexa moito máis motivador o mundo dos documentais; os efectos especiais, a voz que conta a historia, a música de fondo, as imaxes etc., enriquecen moito este formato.

Así que, mans a obra, animate a explorar esta profesión e a sacarlle o máximo partido posible aos teus documentais.

Atribución dos recursos incorporados ao documento

Os símbolos pictográficos empregados son propiedade do Goberno de Aragón e foron creados por Sergio Palao para [ARASAAC \(http://www.arasaac.org\)](http://www.arasaac.org), que os distribúe baixo [Licenza Creative Commons BY-NC-SA](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/).



“Profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual: documentalista”, do proxecto cREAgal, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non- comercial](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)
[Compartir igual 4.0](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)